

CONSELLO ESCOLAR – CONVOCATORIA DE ELECCIÓN REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS

De conformidade co establecido na Resolución do 19 de setembro de 2022 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (DOG do 30 de setembro), a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS DO ALUMNADO, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do decreto 324/1996 redactado segundo o establecido no Decreto 7/1999 e no artigo 55 do Decreto 92/1988 redactado segundo o establecido no Decreto 324/1996, corresponde no presente proceso electoral **renovar**:

●	PROFESORADO	2
●	PAIS/NAIS	2
●	PAS	1

* As persoas elixidas para ocupar estas vacantes formarán parte do Consello Escolar dende o ano 2022 ata o 2026.

* A ANPA, segundo estipula a lei, nomeará directamente outra/o representante dos pais e nais no Consello Escolar.

* Ademais das vacantes anteriores, hai que substituír unha no sector profesorado e outra no de nais/ pais, que quedan desertas da renovación parcial anterior, que serán cubertas coa terceira candidatura con máis votos e que formarán parte do Consello Escolar dende o 2022 ata o 2024.

2. Son electores todos os pais/nais/titores do alumnado matriculado no centro incluídos no censo correspondente exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao citado censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral antes das 14:30 horas do 17 de novembro de 2022.

3. Son elixibles todos os pais/nais/titores do alumnado matriculado que presenten a súa **candidatura** oficial antes das **14:30 horas do 18 de novembro de 2022**, segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro.

4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público o luns día 21 de novembro entre os pais/nais/titores que non se presenten como candidatos/as. A dita mesa estará formada pola Directora do centro, que actuará como Presidenta e catro pais/nais/titores, dos que actuará como secretaria/o a/o de menor idade.

5. A ANPA poderá designar como supervisores da votación a algún dos/as pais/nais/titores do alumnado matriculado no centro.

6. As votacións realizaranse no colexio o martes día **29 de novembro de 12:45 a 18:15 h**. A mesa electoral será constituída o mesmo día ás 12:30 h.

7. O voto será directo, segredo e non delegable.

8. Os electores deberán acreditar a súa identidade coa presentación do DNI ou documento similar.

9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio, do que se levantará acta para o seu envío á Xunta Electoral.

Redondela, 10 de novembro de 2022.

A Presidenta da Xunta Electoral

Marta García García